



Indica se as seguintes oracións está puntuadas correctamente ou non.

Pon C nas correctas e I nas incorrectas



1. Sandra, onde mercaches ese vestido? É precioso!
2. Nunca estiveches en Fisterra? Eu, estiven moitas veces.
3. Cando remate as tarefas, farei todo o que me gusta: xogar ás cartas co meu avó, ver un rato a tele, ir ao parque...
4. Carla a irmá, de Xulia, é moi divertida.
5. Na mochila teño: varios libros, tres cadernos e un estoxo.
6. Temos a neveira valeira: nin ovos, nin iogures, nin froita...
7. Querida Xoana;
Hai tempo que non che escribo e tiña ganas de saber de ti.
8. O mestre preguntou: "Que queredes facer hoxe?"
9. Viñeron todos á festa: Xoán, o meu curmán; María, a veciña do quinto; Chisco, un amigo da aldea, e todos os da clase.
10. Toda a miña familia; incluída miña irmá, está de acordo.
11. Antón ven aquí un momento. Podes axudarme con isto?
12. Onte comemos nun restaurante. De primeiro tomamos sopa, de segundo, filete con patacas, de sobremesa flan, estaba todo boísimo!



Agora debes escoller a explicación adecuada.
Nas seguinte oracións hai comas porque...



1. Non traías todos os vasos, Laura. Trae só uns poucos.
2. Consequín aforrar 20€, aínda así, non me chega para mercar o agasallo que me gusta.
3. Xulia rematou o traballo e, cando estaba a punto de saír, empezou a chover a cántaros.
4. Pedro, colle o caldeiro e éncheo cun pouco de auga.
5. Gústanme as cereixas, os plátanos, as mazás e a sandía.
6. Pola noite, cando todos durmían, ela aproveitaba para escribir.
7. Tentamos ser optimistas, pero seguramente perderemos o partido.
8. Laura, a miña amiga, vai estudar Enxeñería Informática.
9. Atende, Marcos, que che están falando a ti.
10. Cantos días, sen contar os sábados, traballaches no proxecto?
11. Marta, Amparo, Eva e Noemí son moi boas compañeiras.
12. Non sabemos o que vai ocorrer, aínda que estamos preparados para calquera cousa.
13. Non todos os mamíferos teñen catro patas, é dicir, hai algunhas excepcións.



Alguén equivocouse ao poñer as comas e os dous puntos nas seguintes oracións.

Podes sinalar cal é a causa dos erros?



1. O meu avó, recólleme moitas veces ao saír do colexio.
2. Rufo, o meu can sempre está ladrando.
3. Canto me vai custar ese curso mamá?
4. Gustaríame ir pero, non podo.
5. Onte levanteime tarde, saín a, dar unha volta, merquei un bocadillo e funme dereito á praia.
6. Ana cando vaias á tenda, lembra que necesitamos leite, pan, zume de laranxa, queixo e algo de froita.
7. As provincias de Galicia son: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
8. As praias de Galicia teñen, moitas delas, bandeira azul.
9. No xardín do colexio hai: camelias, arbustos, fentos... e moitos paxaros.
10. Rosalía a cantante, vai sacar pronto un novo disco.
11. Había todo tipo de xoguetes: videoxogos, monecos, balancíns, crebacabezas, xogos de mesa peluches...
12. Rosalía de Castro, é a escritora máis famosa de Galicia.